

Enquisa de Poboación Activa. A Estatística de mobilidade laboral e xeográfica

METODOLOXÍA

1. Obxectivos

A Estatística de mobilidade laboral e xeográfica (EMLG) investiga a relación entre a empregabilidade das persoas e a súa dispoñibilidade a cambiar de residencia, mediante o estudo conxunto das características laborais e o tempo que levan residindo no municipio.

Para iso, a EMLG incorpora unhas variables específicas derivadas da Base padroal do INE (base de poboación resultante da coordinación dos Padróns municipais) á mostra da Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Deste modo, pódense relacionar as variables demográficas y laborais contidas na EPA coa mobilidade xeográfica rexistrada na fonte administrativa. Polo que se refire a esta última, solo se teñen en conta los cambios de residencia intermunicipais, xa que os cambios de domicilio dentro dun mesmo municipio non son relevantes aos efectos laborais.

Os conceptos e criterios utilizados na Estatística son coherentes cos establecidos polos organismos internacionais, tanto en materia laboral (definicións da relación coa actividade económica derivadas da EPA), como na caracterización da residencia habitual.

A relativamente baixa incidencia da mobilidade nun período determinado implica que a mostra da EPA que presenta un cambio dun ano a outro no municipio de residencia é reducida. Por iso, obtéñense fundamentalmente resultados para o conxunto de Galicia.

Desde o punto de vista da produción estatística, a EMLG é eficiente en recursos económicos e humanos xa que aproveita da EPA todo o seu proceso de elaboración na fase de traballos de campo e na depuración e tratamento informático das variables demográficas e laborais. A información específica adicional sobre cambios de residencia obtense en base á explotación da Base padroal do INE. Esta explotación supón un custo mínimo.

2. Clase de operación

A operación aproveita a información dispoñible nunha fonte administrativa (Base padroal do INE, neste caso) combinada coa información obtida mediante unha enquisa por mostraxe dirixida á poboación (EPA).

3. Contido

3.1. Ámbito poboacional

A poboación obxecto de estudo da EMLG é a mesma que a poboación da EPA, é dicir, a que reside nas vivendas familiares principais, estas son as utilizadas todo o ano ou a maior parte del como vivenda habitual ou permanente.

O deseño da EMLG é, polo tanto, o mesmo da EPA, é dicir, unha mostraxe bietápica estratificada en cada provincia. As unidades de primeira etapa son as seccións censuais e as de segunda, as vivendas seleccionadas. Todas as persoas residentes na vivenda son entrevistadas. A estratificación da mostra establececese segundo a importancia demográfica de cada municipio na provincia e segundo as características socioeconómicas das seccións censuais.

3.2. Ámbito xeográfico

A EMLG cubre todo o territorio nacional. Desde o terceiro trimestre de 2009, para Galicia, incorpórase, á mostra do INE, unha mostra adicional recollida polo Instituto Galego de Estatística (234 seccións), utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE, coa finalidade de obter unha maior desagregación.

3.3. Período de referencia

A información obtense da mostra da EPA do primeiro trimestre de cada ano natural.

Todas as variables da propia enquisa, así como as de mobilidade xeográfica, están referidas á semana de referencia da enquisa.

3.4. Unidades de análise

Tómanse as persoas de 16 ou máis anos de idade residentes nas vivendas familiares principais.

3.5. Variables instrumentais, de estudo e de clasificación

3.5.1 Variables demográficas e laborais recollidas previamente na EPA

A EMLG utiliza as variables obtidas a partir das respostas das persoas enquisadas na EPA. As clasificacións principais (ocupación, paro, inactividade) están baseadas nas recomendacións aprobadas pola Organización Internacional do Traballo (OIT).

Todas estas características están referidas ao concepto nacional e non ao interior. Isto é debido a que non é posible recoller información das persoas que traballan en España e residen no estranxeiro, xa que a EPA está dirixida á poboación que habita nas vivendas familiares do territorio nacional.

Variabes demográficas que se recollen na EPA e que se utilizan na EMLG:

- Sexo
- Idade
- Nacionalidade
- Lugar de residencia
- Lugar de nacemento
- Nivel de formación alcanzado (CNED)

3.5.2 Variables sobre mobilidade xeográfica derivadas da Base padroal do INE

Da combinación dos datos obtidos na consulta da Base padroal do INE coas variables demográficas da EPA obtéñense as seguintes variables:

- Tempo de residencia no municipio actual
- Relación entre o municipio de residencia anterior e o actual
- Relación entre o tipo de hábitat anterior e o actual
Establécese en función do tamaño dos municipios actual e anterior, cando ámbolos dous se atopan en España.
- Relación entre o municipio de nacemento e o actual

4. Descrición da fonte administrativa

4.1 Fonte administrativa dos datos sobre mobilidade xeográfica

O Padrón municipal é o rexistro onde constan as persoas que residen no municipio. Os seus datos constitúen proba da residencia no municipio e do domicilio habitual neste.

A formación, mantemento, revisión e custodia do Padrón municipal correspóndelle a cada un dos Concellos.

O INE ten atribuída a coordinación dos padróns de todos os municipios e destes co Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE), para evitar duplicidades e emendar posibles erros, e, deste xeito, os datos padroais serven de base para elaborar as estatísticas de poboación e para que as cifras resultantes das revisións anuais poidan ser declaradas oficiais, como establece a Lei de bases de réxime local.

4.3 Unidades de observación ás que se refiren os datos primarios

4.3.1 Unidades na EPA

Tómanse como unidades de análise as persoas de 16 ou máis anos que residen nas vivendas familiares principais entrevistadas na EPA.

4.3.2 Unidades da Base padroal do INE

As variables de interese desta base son as variacións residenciais (altas e baixas nos padróns municipais motivadas por cambios de residencia) das persoas de 16 ou máis anos enquisadas na EPA no período de referencia.

4.4 Forma de recollida dos datos administrativos orixinais

Toda persoa que resida en España está obrigada a inscribirse no Padrón municipal do municipio no que resida habitualmente.

5. O proceso de obtención das variables

5.1 Metodoloxía da recollida dos datos

A inscrición no Padrón municipal contén como obrigatorios soamente os seguintes datos de cada persoa:

- Nome e apelidos
- Sexo
- Domicilio habitual
- Nacionalidade
- Lugar e data de nacemento
- Número do documento nacional de identidade ou, tratándose de estranxeiros, do documento que o substitúa.

Mensualmente, a Base padroal do INE recolle todas as altas e baixas que se producen nas persoas residentes no territorio nacional (variacións padroais).

Unha vez realizadas as entrevistas na EPA do trimestre correspondente, realízase un primeiro enlace entre os datos persoais dos enquisados maiores de 16 anos na EPA e esta base do INE, no que se obtén o número do DNI ou, para os estranxeiros, o número do documento que o substitúa e que figura na base do INE.

Posteriormente utilizando estes números de identificación, vólvese a consultar a Base padroal do INE para obter a última variación residencial anterior á semana de referencia da EPA. Os datos relevantes desta consulta son os seguintes:

- Municipio de empadramento actual
- Data do empadramento no municipio actual
- Municipio ou país do empadramento anterior
- Municipio ou país de nacemento

Da combinación das variables administrativas obtidas da explotación da Base padroal do INE xunto coas variables demográficas da EPA obtéñense as variables adicionais sobre mobilidade xeográfica sinaladas:

- Tempo (en anos) residindo no municipio actual
- Relación entre o municipio de residencia anterior e o actual
- Relación entre o tipo de hábitat anterior e o actual
- Relación entre o municipio de nacemento e o actual

No que respecta ao municipio ou país de procedencia anterior, hai ocasións nas que non existe esta información na Base padroal do INE (altas por omisión). Nestes casos, optouse por sinalar o municipio ou país de nacemento como o lugar de procedencia.

As definicións anteriores establécense conforme á información administrativa rexistrada na Base padroal do INE, polo que o municipio de residencia actual e o anterior refírense ao municipio de empadramento actual e anterior, respectivamente.

6. Plan de difusión e periodicidade da difusión

Os resultados publícanse agregados en táboas a nivel de Galicia. A periodicidade desta operación será anual e realizarase cando estean dispoñibles os resultados da EPA do primeiro trimestre do ano, que é a base da mostra que se utiliza como referencia.